

A lenda conta que o barco pantoasma
do capitán Púrpura contén un gran tesouro.
Daniela e a súa tripulación queren atopalo,
pero serán quen de se adentrar
na néboa que rodea o barco?



Outras aventuras de Daniela Pirata



ISBN: 979-13-88132-15-5 www.nubeocho.com



DANIELA E O BARCO PANTASMA



Susanna Isern & Gómez



DANIELA PIRATA E O BARCO PANTASMA



SUSANNA ISERN
& GÓMEZ





Daniela Pirata e o barco pantasma
Colección Egalité

© do texto: Susanna Isern, 2026
© das ilustracións: Gómez, 2026
© da edición: NubeOcho, 2026
© da tradución: Iria Carballo, 2026
www.nubeocho.com · info@nubeocho.com

Título orixinal: *Daniela Pirata y el barco fantasma*

Primeira edición: Setembro, 2026

ISBN: 979-13-88132-15-5

Depósito legal: M-11610-2026

Impreso en Portugal.

Todos os dereitos reservados. Prohibida a súa reprodución.


Para Yuna, miña nena valente.

Susanna Isern

DANIELA PIRATA E O BARCO PANTASMA



SUSANNA ISERN
& GÓMEZ





Daniela e a tripulación do *Caimán Negro* levaban tempo na busca do misterioso barco do **CAPITÁN PÚRPURA**. A lenda contaba que contiña un dos maiores tesouros dos sete mares, pero... era un **BARCO PANTASMA!**



—Din que onde queira que vaia ese barco, un banco de **NÉBOA** vai sempre canda el —explicoulles Daniela aos seus piratas.

O *Caimán Negro* navegou sen descanso **DURANTE SEMANAS**. Pasaron por Illa Volcán, por Illa Tenebrosa e polo Reino do Sol. Saudaron a ciclope e tamén a súa amiga a balea xigantesca. Por fin, un día, aproximáronse á costa de **ILLA DOURADA**...



—Capitá! Un banco de néboa! —berrou unha **GRUMETE** desde o alto do mastro.

Daniela e os seus piratas pensaron que aquilo era estraño. Na Illa Dourada sempre lucía o sol, por iso a súa area parecía formada por **GRANS DE OURO**.



Cando desembarcaron e camiñaron polo **PORTO**, só atoparon un vello.

—Onde está todo o mundo? —preguntou Daniela.

—É por culpa do barco pantasma —respondeu o vello—. Trouxo a néboa con el e, desde que chegou, moitos veciños marcharon.

—Ten que ser o barco do **CAPITÁN PÚRPURA!** —exclamou Daniela.



Á mañá seguinte, o *Caimán Negro* saíu ao mar a través da **NÉBOA**.
Advertíranlles do perigoso que era, pero Daniela quería atopar ese
barco e o seu **TESOURO**, e pedirlle ao capitán Púrpura que
levase a néboa de alí.



Despois de varias horas navegando **SEN RUMBO**, a tripulación empezou a desesperarse.

—**PERDÉMONOS** —advertiu unha pirata—, non deberíamos volver a Illa Dourada?

—Non nos imos render! —respondeu Daniela.

E xusto nese momento, sentiron **UN FORTE RUÍDO** e o *Caimán Negro* abaneou coma se chocasen contra algo. Entón, entre a néboa, viron aparecer un barco estraño e comezaron a oír sons arrepiantes.

—Capitá, creo que son **PANTASMAS**.

—Vou ver —dixo Daniela, con decisión.



Dun chimpo, a capitá chegou ao **MISTERIOSO** barco.

—Está cheo de **PANTASMAS PIRATA!**

Aqueles seres mirábana, pero non a atacaban.



Daniela seguiu avanzando pola cuberta e escoitou unha **VOZ** cavernosa que viña do **CAMAROTE** do capitán.

—Por aquí **TAMPOUCO** é! —lamentábase a voz.



A capitá abriu a porta do camarote e...